



Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Número de expediente: 547/2023

Asunto: Acta número catro (4) de realización e corrección do segundo exercicio da fase de selección do proceso selectivo do posto/praza de Arquitecto técnico da Oferta de emprego público ordinaria do ano 2022

Sendo as 08:45 horas do día 09 de febreiro do 2024 reúnense no despacho de Secretaría do Concello os funcionarios e funcionarias designados por acordo de Alcaldía número 2023-0988, do 8 de novembro do 2023 con código seguro de verificación 6M9KLG7ZXE6W9KDY497AYYPL, para formar parte do Tribunal de selección dunha praza de Arquitecto técnico, Grupo A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, vacante no cadro de persoal do Concello de Vilalba, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía número 2022-0390, con corrección de erros mediante Resolución 2022-0325 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 122, do luns, 30 de maio de 2022 (corrección de erros no Boletín número 142 do mércores, 22 de xuño de 2022), así como anuncio no Diario Oficial de Galicia número 164, do martes, 30 de agosto de 2022.

Preside o acto a persoa empregada pública que ostenta a presidenta titular, Don Alejandro Maseda Mallo, que ostenta a súa vez o posto de Secretario do Concello de Vilalba.

Actúan como vogais titulares Dona Sara Arias Chao, Arquitecta Técnica do servizo de obras do Concello de Arteixo, Don Raúl García Martínez, Técnico de Medio Ambiente do Concello de A Fonsagrada, e Dona Patricia Vázquez Mille, Arquitecta, Xefa do Servizo de Urbanismo da delegación territorial da Xunta en Lugo.

Actúa coma Secretaria, a tesoureira da Corporación, Mónica Bello Novo.

A presidencia do Tribunal procede a comprobar o quórum de asistencia e declara constituído o Tribunal por estar todos os seus membros titulares designados constituído o Tribunal por estar todos os seus membros titulares designados

I. FASE DE OPOSICIÓN : REALIZACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO

As 09:00 horas o Tribunal desprazase ao Salón de sesións da casa consistorial do Concello de Vilalba para realizar o segundo exercicio do proceso selectivo.





Concello de Vilalba

A continuación, sendo as 09:01 horas procédese polos membros do Tribunal ao chamamento das persoas admitidas ao proceso selectivo segundo consta na lista definitiva de cualificacións segundo consta nas cualificacións definitivas contidas Acta número tres relativa á resolución das alegacións presentadas á corrección do primeiro exercicio por parte do tribunal cualificador do proceso selectivo de razón, que consta no expediente con código seguro de verificación 7DNA6GGYK7W3KLEQ3X3FH934L.

Logo do referido chamamento, queda constancia da seguinte lista de aspirantes presentados á proba convocada:

ASPIRANTE	DNI	ASISTENCIA
GARCIA RODRIGUEZ, CLARA MARIA	***0682**	SI
HERMIDA VALERA, DIEGO	***3763**	SI
LOPEZ SOTO, FATIMA	***8041**	NON

Unha vez procedido ao chamamento dos aspirantes presentados, procedeuse ao inicio da proba mediante a insaculación dos temas do programa específico (anexo II), de conformidade co indicado coas Bases específicas.

Procedida a insaculación, os temas sorteados reflicten o seguinte resultado:

TEMA 9 - A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: normas de calidade ambiental e paisaxística.

TEMA 16 - Intervención na edificación e uso do solo. Deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Rexistro de soares e venda forzosa.

TEMA 29- Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Roteiro da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.

TEMA 39- Seguridade e saúde: Tipos de estudo, contido e documentación. Planes de seguridade e saúde. A figura do coordinador de seguridade e saúde.





Posteriormente, a presidencia do Tribunal explica ás persoas opositoras que, co gallo garantir o anonimato na corrección dos exercicios, non poderá constar o nome e apelidos dos aspirantes no exercicio (nin ningún dato do que se poida desprender a identidade das persoas opositoras), se non unicamente o código alfanumérico facilitado nos adhesivos seleccionado polo opositor na entrada ao exame, que é diferente para cada persoa opositora.

Aclárase, asemade, que os aspirantes deberán cumprimentar unha ficha que se lle entrega cos seus datos persoais (nome, apelidos, e número DNI) que introduciranse nun sobre pechado ao finalizar e que abriase posteriormente, en acto público, unha vez corrixidos e publicados os resultados do exercicio cos seus códigos asociados.

Outro dos adhesivos facilitados deberá facilitarse na primeira das follas do exame efectuado polo opositor, exames que tamén serán introducidos nun sobre individualizado pechado ao finalizar e que abriase posteriormente, en acto ao que asistirán necesariamente o Presidente e Secretario do Tribunal.

A continuación se procede a asinar o sobre que conteñen os datos persoais asociados aos códigos, por todos os membros do Tribunal, quedando o sobre e os exercicios baixo a custodia do secretario do Tribunal.

Efectuado o sorteo de temas a desenvolver polos aspirantes, e explicadas as vicisitudes básicas do desenvolvemento da proba, o Tribunal da por iniciada a proba ás 09:15 horas, que conta cunha duración máxima de 150 minutos, rematando ás 10:43 horas, coa entrega do exame por parte do último aspirante, e sen incidencias.

II. CORRECCIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DE DESENVOLVEMENTO DE TEMAS DO TEMARIO ESPECÍFICO.

En primeiro lugar, o secretario procede á lectura da base sétima das Bases específicas para o acceso en propiedade á praza de referencia da que trae causa o expediente de razón, a saber:

«Consistirá en desenvolver por escrito dous temas a elixir polo/a aspirante entre catro extraídos ao azar polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio de entre os comprendidos no temario do anexo II (parte específica).

O tempo de realización do exercicio non poderá exceder de 150 minutos.





Concello de Vilalba

Valorarase a formación xeral, a claridade e orde de ideas, a calidade de expresión escrita, a forma de presentación e exposición, así como a capacidade de síntese do aspirante.

Este exercicio deberá ser lido polos aspirantes en sesión pública ante o tribunal, se así o acordase este.

Será valorado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar a proba e pasar ao seguinte exercicio da oposición, obter un mínimo de 5 puntos».

A continuación procédese á corrección dos exercicios, valorando a formación xeral, a claridade e orde de ideas, a calidade de expresión escrita, a forma de presentación e exposición, así como a capacidade de síntese dos aspirantes, sendo os resultados provisionais os seguintes:

CÓDIGO	NOTA PROVISIONAL	CUALIFICACIÓN
1ARQ75857	5,22	APTO
1ARQ62278	5,59	APTO

Neste senso, as cualificacións dos aspirantes segundo a puntuación outorgada por cada membro do Tribunal a todos e cada un dos opositores por cada tema desenvolto, é a que segue:

ASPIRANTE Nº 75857				
TRIBUNAL	TEMA 16	TEMA 39	TOTAL	TOTAL SOBRE 10
ALEJANDRO MASEDA MALLO	5	5,25	10,25	5,125
RAUL GARCIA MARTINEZ	5	6	11	5,5
SARA ARIAS CHAO	5	5	10	5





Concello de Vilalba

PATRICIA VÁZQUEZ MILLE	5	5,5	10,5	5,25
MEDIA ARITMÉTICA	5,22			
ASPIRANTE Nº 62278				
TRIBUNAL	TEMA 39	TEMA 9	TOTAL	TOTAL SOBRE 10
ALEJANDRO MASEDA MALLO	6,25	5	11,25	5,625
RAUL GARCIA MARTINEZ	7	5	12	6
SARA ARIAS CHAO	5,5	5	10,5	5,25
PATRICIA VÁZQUEZ MILLE	6	5	11	5,5
MEDIA ARITMÉTICA	5,59			

III. ACORDOS DO TRIBUNAL

O Tribunal de selección acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO. Publicar na sede electrónica da Corporación os resultados provisionais citados «*ut supra*» do segundo exercicio da fase de oposición.

SEGUNDO. Conceder ás persoas opositoras un prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación en sede electrónica dos resultados, para a presentación de alegacións aos resultados provisionais.

TERCEIRO. Realizar o acto público de apertura dos sobres cos códigos alfanuméricos aleatorios de identificación das persoas opositoras en data do 16 de febreiro ás 10:00 horas, no despacho de secretaría da casa consistorial municipal. Ao citado acto asistirán a presidenta e secretario do tribunal.





Concello de Vilalba

CUARTO. Convocar ás persoas opositoras aprobadas no segundo exercicio á realización do terceiro exame do proceso selectivo de conformidade co punto sétimo das bases específicas o día 26 de febreiro do ano 2024 ás 11:30 horas no salón de sesións sito no edificio municipal da Casa Consistorial sita na Praza da Constitución, 1, 27800 Vilalba, Lugo.

QUINTO. Acordar que, durante a realización do exercicio programado, os aspirantes poderán consultar textos legais, así como utilizar máquinas de calcular estándar e científicas, pero que non sexan programables, nin financeiras. A normativa aplicable á resolución do exercicio será a vixente ao tempo de realización do mesmo.

Os textos legais non poden conter ningún tipo de anotación realizada polo aspirante mediante bolígrafo, lapis, en definitiva, o código non pode estar manipulado. Non se consideran textos legais: manuais, sentenzas ou mementos.

SEXTO. O Tribunal reunirase ás 8:30 horas do mesmo día, no despacho de Secretaría do Concello, para a preparación do exercicio.

SÉTIMO. Determinar que a corrección do exercicio previsto no punto dispositivo cuarto será efectuada en unidade de acto polos infrascritos con carácter ulterior a súa elaboración por parte dos aspirantes.

E para que conste, de conformidade co artigo 15 do Regulamento, asinan a presente acta os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 13:00 horas do día 9 de febreiro de todo o que como Secretario do Tribunal dou fe.

O Presidente do Tribunal, Alejandro Maseda
Mallo

A Secretaria do Tribunal, Mónica Bello Novo





Concello de Vilalba

A Vogal do Tribunal, Sara Arias Chao

O Vogal do Tribunal, Raúl García Martínez

A Vogal do Tribunal, Patricia Vázquez Mille

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

